



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO, MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, AÑO 2021. RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2021, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 22 de outubro de 2021, acordou:

Primeiro. Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2021, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base 6 e ao previsto na base 7 respecto do importe e cálculo da subvención das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

En aplicación do previsto no referido acordo e na base 10.RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 247 do mércores, 27 de outubro de 2021 (Resolución provisional concorrencia competitiva 2021 (PÁX.2, R. 3077)) e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org, da notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para que os interesados puideran presentar alegacións.

En consecuencia e en aplicación do indicado, o acordo de carácter provisional de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 22 de outubro de 2021, terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procédese á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Ao abeiro do previsto na base 10.RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>.

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto na base 21. Réxime de recursos das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 17 de novembro de 2021.- O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón, A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3313

CONCELLOS A FONSGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 542/2021

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de outubro do 2021

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data do 15 de novembro do 2021, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de outubro do 2021, polo importe total de 12.076,97 € (dependencia) e 237,60 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada 16 de novembro de 2021.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 3314

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número 9432/2021 do día 3 de novembro aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao terceiro trimestre de 2021, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 9 de novembro ata o día 9 de decembro de 2021 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 4 de novembro de 2021.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores. Olga López Racamonde.

R. 3315